

COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO

Elabora un comentario de texto no que trates tódolos aspectos importantes a tratar neste fragmento, identificando protagonistas, actores políticos e sociais destacados, feitos históricos... todo aquilo que resulte relevante relacionado co tema co que traballamos nestes días.

“Españóis: Chegou para nós o momento máis temido que esperado (...) de atender o clamoroso requirimento de cantos amando á Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos homes que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventuras e inmoralidades que comezaron o ano 98 e ameazan a España cun próximo fin trágico e deshonoroso. A mesta rede da política de concupiscencias colleu nas súas mallas, secuestrándoa, ata a vontade real (...). Pois ben, agora irnos recabar tódalas responsabilidades e gobernar nós ou homes civís da nosa moral e doutrina. Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos (...), atracos, depreciación da moeda (...), rastreiras intrigas políticas tomando por pretexto a traxedia de Marrocos (...), precaria e ruinosa a produción agrícola e industrial, impune propaganda comunista, impiedade e incultura, xustiza influída pola política, descarada propaganda separatista (...). Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón poñerlles prontoradical remedio, para o que requirimos o concurso de tódolos bos cidadáns”.

